



# REGULAMENTO DE DESENVOLVEMENTO DO CLUB DE DEBATE



Concello de AMES



Concello do  
Carballiño



concello de  
CARBALLO



CONCELLO DE  
NEGREIRA



CONCELLO DE  
PONTEVEDRA



CONCELLO DE ROIS



CONCELLO DE  
SANTIAGO



Concello de Teo

## Club de Debate

Introdución	páx. 2
Regulamento	páx. 3
1. Obxecto do regulamento	páx. 3
2. Organización do debate	páx. 3
3. Funcións da organización	páx. 3
4. Normativa	páx. 3
5. Participación	páx. 3
6. Sala de debate	páx. 5
7. O xurado	páx. 5
8. Procedemento da competición	páx. 6
9. Temas de debate	páx. 7
10. O debate	páx. 7
11. Sistema de competición e puntuación	páx. 9
12. Reclamacións	páx. 12
13. Premios	páx. 13
14. Prazo de inscrición	páx. 13
Anexo 1: ficha de inscrición	páx. 14



## INTRODUCCIÓN

O Club de Debate é un proxecto para dinamización lingüística entre a mocidade. Está promovido desde varios concellos, coa colaboración dos ENDL dos centros de ensino secundario. Esta actividade xorde co fin de impulsar o uso oral do galego entre a mocidade, á vez que se consolidan foros de discusión sobre temas de actualidade e de interese social.

O Club de Debate está dirixido fundamentalmente aos centros de ensino secundario dos concellos que organizan a actividade. Busca ser un punto de encontro para a mocidade, unha oportunidade para coñecer a súa opinión sobre asuntos que lle afectan realmente e desmitificar a imaxe dunha mocidade pasiva, pouco participativa e pouco implicada nos problemas da sociedade. Defender ideas con palabras é unha forma de pór en valor as habilidades sociais tan necesarias hoxe en día e de potenciar a nosa lingua como ferramenta indispensable para defender as nosas ideas.

Obxectivos:

- Favorecer o emprego da lingua galega entre a mocidade, especialmente os usos orais en contextos formais e informais.
- Potenciar a fluidez comunicativa ligada á oratoria.
- Promover o pensamento crítico e analítico.
- Fomentar a diversidade de opinións, a tolerancia fronte a diferentes cuestións e o traballo en equipo.

O formato do Club de Debate está formulado como unha competición deportiva; é necesario crear un bo clima no equipo xa que o traballo colaborativo é básico no desenvolvemento da actividade. É necesario delegar tarefas e asumir responsabilidades, sempre dentro dunha competición contra reloxo en igualdade de condicións.

Os/as participantes deberán agudizar o enxeño para buscaren todas as argumentacións posibles para reforzar as ideas. Esta actividade tamén facilita a capacidade de análise e de interpretación da realidade.



## REGULAMENTO

### 1. OBXECTO DO REGULAMENTO

Este regulamento será a norma básica pola que se rexerá o Club de Debate.

### 2. ORGANIZACIÓN DO DEBATE

O Club de Debate está organizado polos concellos participantes, en igualdade de condicións.

### 3. FUNCIÓNS DA ORGANIZACIÓN

- Fixar o regulamento e as normas da actividade
- Seleccionar os temas de debate
- Elixir os lugares onde se celebren os debates
- Nomear o xurado
- Escoller o comité de competición

### 4. NORMATIVA

O Club de Debate rexerese pola seguinte normativa:

- Este regulamento de desenvolvemento
- As instrucións que a organización de cada fase clasificatoria considere pertinentes en relación aos prazos e características básicas do desenvolvemento en cada zona de competición

Por motivos de forza maior ou por decisión xustificada da organización poderán establecerse excepcións en canto ao establecido neste regulamento.

Os equipos afectados por posibles cambios serán avisados con tempo suficiente a través dun comunicado da organización.

A organización do Club de Debate resérvase o dereito de utilizar o nome e a imaxe dos participantes no relativo ao desenvolvemento da actividade con finalidade publicitaria.

## " . PARTICIPACIÓN

### 5.1. CENTROS DE ENSINO

Poderán participar na actividade todos os centros de educación secundaria e ciclos dos concellos que contén con SNL municipais implicados na organización desta actividade. Tamén poderán participar outros centros convidados por concellos que contén con SNL municipal.

O alumnado participante estará matriculado en 3º da ESO, 4º da ESO, 1º de bacharelato ou nun curso equivalente de ciclos formativos. O alumnado que forme parte dos equipos non será maior de 18 anos no momento de realizar a inscrición.

Os centros de ensino inscribíranse a través do Servizo de Normalización Lingüística do seu Concello ou do SNL do Concello que os convide e quedarán comprometidos a participar nas diferentes fases da competición.



## 5.2. OS EQUIPOS

### 5.2.1. Número de equipos por centro

Cada centro poderá inscribir o número de equipos que desexe, pero, no caso de que as inscricións excedan o número de prazas ofertadas, a organización fixará o número máximo de equipos por centro.

### 5.2.2. Composición dos equipos

O equipo de traballo estará composto por un mínimo de catro membros e un máximo de dez, e a persoa preparadora. É requisito indispensable que os equipos sexan mixtos.

O equipo de debate para cada un dos debates identificarase ante o xurado coa antelación que indique a organización. Estará formado por dúas persoas que actuarán como oradoras e dúas como investigadoras; a persoa preparadora non poderá intervir nos debates.

### 5.2.3. Debatentes

Nesta actividade, poderá participar como debatente o alumnado matriculado en 3º, 4º de ESO, 1º de bacharelato ou nun curso equivalente de ciclos formativos. O alumnado non será maior de 18 anos no momento da inscrición do equipo na actividade.

### 5.2.4. A persoa preparadora

Actuará como asesora e preparadora do equipo e será a persoa que o represente fronte á organización do Club de Debate. A elección e designación desta figura dependerá do centro de ensino. Poderá ser persoal docente en activo ou PAS.

## 5.3. INSCRICIÓN

Cada centro deberá inscribirse no SNL do seu Concello ou no SNL do Concello que os convide. A súa solicitude de participación realizarase mediante a ficha de inscrición de cada equipo (anexo1) na que constarán:

- os datos do centro de ensino
- a composición de cada equipo, co nome, apelidos, data de nacemento e curso no que estuda cada un dos alumnos e das alumnas do equipo
- o nome, apelidos e vinculación co centro da persoa preparadora
- a sinatura da dirección do centro conforme os membros do equipo están matriculados no centro

A documentación que se presente deberá estar asinada e selada no centro de ensino.

### 5.3.1. Cambios

Permitirase realizar cambios con respecto aos e ás compoñentes especificados na ficha de inscrición do equipo ata unha semana antes do inicio da fase de que se trate. Posteriormente non estará permitido realizar ningún cambio. Recoméndase non mudar a persoa preparadora do equipo durante o desenvolvemento da actividade.

## 6. SALA DE DEBATE

Todas as salas teñen que contar co seguinte material:

Un atril que deberá situarse centrado con respecto ao fondo da sala.



Dúas mesas (unha para os catro membros de cada equipo anotados nese debate) que estarán situadas a ambos os lados do atril, de forma que a persoa oradora teña os dous equipos dentro do seu ángulo de visión. Detrás das mesas situaranse as cadeiras para o resto dos membros do equipo.

Dous reloxo, un colocado na parte interior do atril para que a persoa oradora poida velo en todo momento, e outro situado de forma que sexa claramente visible polos membros do xurado, o público e os equipos que están nas mesas.

Un espazo reservado para os xuíces e as xuízas, desde onde teñan unha perspectiva apropiada e poidan ver tanto o atril como os elementos de apoio que utilicen os equipos para complementar as súas exposicións. Na medida do posible, tentarase facilitar que o xurado poida ver os equipos completos.

Un espazo habilitado para o público, detrás do xurado e a unha distancia apropiada con respecto a este.

En ningún debate poderá aparecer dentro da sala ningunha publicidade, agás a permitida pola organización. Durante a celebración dos debates non será posible utilizar en ningún momento os teléfonos móbiles. Recoméndase non saír nin entrar da sala mentres un orador ou unha oradora estea a falar.

## 7. O XURADO

### 7.1. COMPOSICIÓN DO XURADO

O xurado estará formado por cinco xuíces e xuízas. En cada un dos debates cada membro do xurado deberá puntuar os dous equipos. A lista de xuíces e xuízas darase a coñecer con anterioridade aos debates. O xurado reunirse antes dos debates para unha maior uniformidade nos criterios de valoración.

Os membros do xurado serán escollidos e designados pola organización, tendo como criterio de selección a súa experiencia no eido do debate de competición ou a súa formación e experiencia académica en actividades relacionadas coa oratoria, a comunicación, a lóxica, etc.

A organización de cada localidade ou zona de clasificación nomeará o xurado para a súa fase clasificatoria. O xurado para a fase final nomearase entre as diferentes zonas de competición clasificatoria.

### 7.2. A PRESIDENCIA DO XURADO

En cada debate haberá un xuíz ou unha xuíza responsable de que se cumpra o regulamento. Encargarase tamén de recoller as observacións que fagan os participantes a este respecto.

Será a persoa que modere o debate e deberá presentar os equipos.

Tomará as decisións de expulsión ou descualificación por penalizacións de xeito colexiado, co resto de membros do xurado. Esta decisión deberá ser comunicada ao delegado ou delegada da competición.

Tamén será a persoa encargada de coordinar a actuación dos xuíces e das xuízas e solucionar os problemas que puidesen existir no xurado.

### 7.3. A PERSOA DELEGADA DE ORGANIZACIÓN

En cada sesión do Club de Debate nomearase unha persoa delegada da organización. As súas funcións serán:

- Velar polo cumprimento do regulamento por parte do xurado e dos membros dos equipos.
- Recoller as reclamacións formais dos equipos, explicadas no apartado 12.2, así como as sancións disciplinarias impostas polo xurado nun debate, e elevalas ao comité de competición, que será quen as resolva.

#### 7.4. O COMITÉ DE COMPETICIÓN DA FASE FINAL

Estará composto pola persoa delegada da organización, un membro do xurado designado pola organización antes da competición e unha persoa representante dos concellos participantes na organización. As súas funcións serán:

- Resolver as reclamacións formais dos equipos e as sancións disciplinarias do xurado. A súa decisión será inapelable.
- Interpretar o regulamento, en caso de dúbida.

### 8. PROCEDEMENTO DA COMPETICIÓN

O Club de Debate constará de varias fases clasificatorias e dunha fase final. Todos os equipos participarán na fase clasificatoria da zona que lles corresponda. As fases clasificatorias de zona poderán constar de xornada de formación, fase preliminar e fase final. A organización determinará o número de equipos gañadores das fases clasificatorias que pasan á final. Sempre será o mesmo número en todas as zonas de clasificación.

#### 8.1. XORNADA DE FORMACIÓN

As fases clasificatorias comezarán coa celebración dunha xornada de formación na que terá que participar cando menos algún membro de todos os equipos inscritos. O obxectivo da xornada será orientar a práctica das habilidades comunicativas co fin de activar, motivar e ofrecer recursos para mellorar as intervencións públicas orais en lingua galega.

#### 8.2. FASE CLASIFICATORIA

Os equipos inscritos participarán en dous debates cada un. As parellas de equipos para cada debate e a orde dos debates organizaranse segundo un sorteo que se efectuará con anterioridade e que se dará a coñecer con suficiente antelación. Cada equipo defenderá, nun debate, a postura a favor e, noutro, a postura en contra.

A organización poderá optar por un sistema que unicamente teña en conta a suma da puntuación obtida ao longo dos diferentes debates ou celebrar unha confrontación entre os equipos mellor valorados na fase clasificatoria para determinar cal ou cales se clasifican para a fase final.

#### 8.3. FASE FINAL

Participarán os equipos gañadores das fases clasificatorias. Esta fase desenvolverase preferentemente nunha única xornada. Cada equipo participará en dous debates, segundo un sorteo previo que se dará a coñecer con antelación. Cada equipo defenderá nun debate a postura a favor e noutro, a postura en contra.

O equipo gañador será o que sume máis puntos ao longo dos diferentes debates da xornada.

### 9. TEMAS DE DEBATE

Os debates sempre versarán sobre temas controvertidos e de actualidade. Consistirán nunha pregunta ou afirmación que dea lugar a posturas opostas, cada unha das cales será defendida por un equipo. A organización elixirá os temas e estes faranse públicos coa suficiente antelación.

As **fases clasificatorias** terán cadanseu tema específico; os temas decidiranos os concellos organizadores en colaboración cos ENDL dos centros inscritos na actividade.



O tema para a **fase final** será acordado polos concellos organizadores; preferentemente será un tema ligado coa normalización da lingua galega.

## 10. O DEBATE

### 10.1. IDIOMA

O idioma da actividade será o galego. A organización promoverá espazos que favorezan o uso do galego fóra dos momentos do debate. Os equipos terán en conta en todo momento que están a participar nunha actividade de normalización lingüística; especialmente durante os debates atenderán á calidade da lingua, xa que será un dos elementos de especial relevancia para o xurado.

### 10.2. DEBATENTES

Nos debates enfrontaranse dous equipos, formado cada un deles por catro membros (equipo de debate) que poderán estar arroupados polo resto do equipo (investigadores/as no equipo de apoio, ata seis persoas máis). Ademais é indispensable a presenza dun preparador ou dunha preparadora, que non poderá participar no debate.

Entre os membros do equipo de debate escolleranse dúas persoas oradoras que realizarán as intervencións nas súas diferentes quendas: exposición inicial, refutacións e conclusións. Será decisión do equipo o seu modo de intervención, pero sempre participarán dous oradores/as en cada debate, **de tal maneira que cada un ou cada unha realice dúas das catro intervencións do seu equipo**. En todo caso, os equipos terán en conta que as intervencións serán para debater teses, non para ler discursos escritos.

Antes de empezar cada debate, o/a preparador/a entregarlle ao/á presidente/a do xurado un escrito (folla de equipo) cos nomes dos membros do equipo de debate, especificando a función de cada un deles: as dúas persoas oradoras e as dúas persoas investigadoras. As follas de equipo de ambos os equipos serán engadidas ás actas ao final do debate.

A composición do equipo e a designación de oradores/as e investigadores/as poderá variar dun debate a outro. O equipo que presente un equipo diferente do notificado aos membros do xurado poderá ser penalizado cunha falta moi grave (0 puntos nese debate)

O/A preparador/a situarase na sala, no espazo reservado para o público, durante o transcurso do debate. O/A preparador/a non poderá intervir nin comunicarse co equipo no desenvolvemento do debate.

O equipo de apoio poderá comunicarse por escrito cos membros do equipo de debate, sen que en ningún momento se entorpeza a marcha normal do debate e sen molestar as persoas oradoras.

### 10.3. POSTURAS QUE ADOPTARÁ CADA EQUIPO

Nos debates, os equipos participantes defenderán posturas opostas: un equipo defenderá a postura a favor e o outro, a postura en contra. A postura que deberá adoptar cada equipo decidirse por sorteo de maneira que todos os equipos defendan as dúas posturas, unha en cada debate.

### 10.4. PROCEDEMENTO DO DEBATE

A postura a favor será a que comece o debate. As quendas de participación dos equipos durante os debates seguirán esta orde:

- AF (A favor) Exposición inicial: 5 minutos
- EC (En contra) Exposición inicial: 5 minutos
- AF Refutación: 5 minutos
- EC Refutación: 5 minutos
- AF Refutación: 5 minutos





- EC Refutación: 5 minutos.
- EC Conclusións: 3 minutos
- AF Conclusións: 3 minutos.

**Duración total do debate: 36 minutos.**

**O tempo indicado é o tempo máximo que se pode utilizar en cada intervención.**

## 10.5. INTERPELACIÓN

Calquera membro do equipo retrucante, sexa orador/a ou investigador/a, poderá levantar a man para interpelar a un/ha orador/a do equipo que está a realizar a súa exposición, coa intención de realizar observacións, preguntas ou comentarios.

É importante ter en conta que:

- Durante a exposición inicial e as conclusións os/as oradores/as non poderán ser interrompidos. **As interpelacións só poderán realizarse nas quendas de refutación.**
- Terá que pasar un **mínimo de trinta segundos entre unha interpelación e outra.**
- As interpelacións **non poderán durar máis de quince segundos.**
- Non será posible realizar interpelacións durante o **último minuto** da intervención do/a refutador/a, xa que é o denominado "**minuto protexido**".

A persoa oradora–refutadora contará con liberdade para conceder a palabra e para responder ou non. O cronómetro non se parará, así que, tanto a interpelación como a resposta, contarán como tempo de intervención do/a orador/a.

## 10.6. MATERIAL UTILIZADO EN CADA DEBATE

### *10.6.1. Material complementario de apoio*

Para complementar a súa exposición oral, os equipos poderán utilizar o material que consideren necesario, sempre e cando se axuste ás dispoñibilidades técnicas da sala de debate. Estas dispoñibilidades seranlles comunicadas aos equipos con antelación. O tempo non se parará en ningún caso pola utilización de material de apoio, isto é: as presentacións, as imaxes, as gráficas, as proxeccións, os vídeos, etc... contarán como tempo de intervención. A valoración do uso do material de apoio farase en función da súa pertinencia ou adecuación.

### *10.6.2. Notas*

Durante as exposicións os oradores poderán recibir apoio do seu equipo en forma de notas. Os compoñentes do equipo poderán levantarse e dirixirse ao atril. En ningún caso os compoñentes do equipo ou do xurado poderán recibir información do público asistente na sala durante o debate.

### *10.6.3. Relación de evidencias*

- Os equipos deben dispoñer durante o debate de evidencias de todos os datos conseguidos na investigación. Así, se o equipo contrario solicita a verificación dun dato durante o debate, deberán demostrar a súa autenticidade ao final do debate. Se esa evidencia non se atopa na documentación de que dispón o equipo e non consegue atopala polos seus propios medios, quedará a criterio do xurado a consideración dese dato como falso.

## 11. SISTEMA DE COMPETICIÓN E PUNTUACIÓN

### 11.1. VALORACIÓN DO XURADO

O xurado decidirá en cada debate cal foi o equipo que defendeu con máis **solvencia** a súa tese e poñerá por escrito na acta do debate. Para isto terá en conta a puntuación obtida na epígrafe 2 “calidade, orixinalidade e pertinencia na argumentación sobre o tema proposto”. Tamén se proclamará o equipo gañador do debate; para isto, cada xuíz ou xuíza deberá avaliar todos os criterios e recoller a puntuación individualizada e conxunta no formulario que se porá ao seu dispor, achegándoo á acta do debate. Estes serán os criterios de valoración:

1. **Capacidade de convicción dos seus posicionamentos:** capacidade de crear confianza e entusiasmo e de convencer o auditorio das ideas, argumentos e posicionamentos defendidos durante o debate.
2. **Calidade, orixinalidade e pertinencia na argumentación sobre o tema proposto:** adecuación ao tema do debate con argumentos de calidade e orixinais, con preparación axeitada, estudo do tema, rigor, razoamentos lóxicos, manexo axeitado de evidencias e datos, etc.
3. **Capacidade para provocar que se preste atención:** uso de comparacións, metáforas, exemplos, capacidade de síntese, ton axeitado, ritmo que permita o seguimento, capacidade para dirixirse ás persoas que escoitan e de facer que estas sigan as intervencións, conexión co auditorio por medio da mirada, etc.
4. **Seguridade e manexo da situación, dos tempos e do espazo:** contundencia e seguridade persoal, con control das situacións, das olladas e do espazo e adecuación aos tempos.
5. **Capacidade de improvisación e soltura nas intervencións:** soltura nas exposicións, capacidade de resposta ás interpelacións, frescura nas intervencións, improvisación, etc.
6. **Capacidade de oratoria e linguaxe variada e apropiada:** expresividade e calidade do discurso, construcións adecuadas e léxico variado, correcto e utilizado axeitadamente. Valorarase positivamente a oralidade fronte á lectura do discurso escrito.
7. **Calidade lingüística:** corrección e calidade no uso do galego (fonética, sintáctica, morfolóxica, etc.). Valorarase positivamente a espontaneidade (e corrección) da oralidade fronte á lectura do discurso escrito.
8. **Comunicación non verbal axeitada:** manexo do corpo, uso das mans e xestos faciais axeitados para comunicar de maneira máis eficiente, con especial atención ao contacto mantido co auditorio a través da ollada.
9. **Uso eficaz de material de apoio:** utilización apropiada e pertinente de imaxes, gráficos, proxeccións, etc., que axuden a aclarar e visualizar mellor as ideas e argumentacións e provoquen un mellor seguimento das intervencións.
10. **Funcionamento como equipo, coordinación e actitude:** coordinación de todo o equipo, con coherencia nas intervencións, funcionamento conxunto e coordinado, sincronización e actitude positiva.

O xurado deberá ter en conta que a actividade busca potenciar o debate de teses, non a lectura de discursos escritos. Isto reflectirase especialmente na valoración das epígrafes 3, 4, 6, 7 e 8.

Cada membro do xurado valorará cada epígrafe do 0 ao 5, para cada un dos equipos do debate. Unha vez rematado o debate, sumaranse as puntuacións de cada xuíz e xuíza e restaranse as que procedan de sancións, para obter así o veredicto do xurado. O xurado fará público o veredicto ao remate da xornada.

### 11.2. RÉXIME DISCIPLINARIO

Toda sanción imposta deberá ser rexistrada na acta de debate correspondente.

#### 11.2.1. Avisos



Concello de AMES



Trátase simplemente dunha advertencia oral que realizará o presidente ou a presidenta do xurado polas seguintes causas:

- Prolongación durante máis de dez segundos da exposición unha vez finalizada a súa quenda.
- Interrupción dun orador do equipo contrario durante a súa exposición en calquera momento do debate sen que este dese permiso para iso.
- Realización dunha interpelación que dure máis de quince segundos.

Estes avisos poderán facerse durante o debate ou ao final deste.

### **11.2.2. Faltas leves (- 10 puntos)**

A realización por parte dun equipo dunha falta leve suporá a perda de dez puntos na valoración feita polo xurado nese debate. Considéranse faltas leves:

- A acumulación de dous avisos.
- Falta de puntualidade ata cinco minutos.
- Enunciación dunha cita ou dato falso.

Se un equipo dubida da veracidade ou da orixe dun dato achegado polo equipo contrario, levantará a man cando finalice a quenda do/a orador/a, e comunicará isto en voz alta. O equipo deberá mostrar unha evidencia dese dato antes do final do debate, de xeito que o xurado poida desestimar a impugnación ou teña que aplicar a penalización correspondente.

### **11.2.3. Faltas graves (- 25 puntos)**

Unha falta grave suporá a perda de vinte e cinco puntos na valoración feita polo xurado nese debate. Considéranse faltas graves:

- A acumulación de dúas faltas leves nun debate.
- A realización de máis de dúas intervencións por parte dunha soa persoa oradora en cada debate.
- Falta de puntualidade ata dez minutos. Se se excede este tempo considerarase non presentado e retirado dos debates.

### **11.2.4. Faltas moi graves (0 puntos nese debate)**

Unha falta moi grave suporá que o equipo perda, con cero puntos, o debate no que se produza a falta.

- A acumulación de dúas faltas graves nun debate.
- Actitude que demostre ofensa ou menosprezo con respecto ao equipo contrincante, ao público ou ao xurado.
- Comportamento inadecuado (presións antideportivas, insultos, discriminacións de calquera tipo *dirixidas a unha persoa* ou dentro do seu discurso cara a grupos sociais, raciais, relixiosos, etc.)
- Presentar un equipo diferente ao notificado aos membros do xurado.

Durante o debate o presidente ou a presidenta do xurado poderá realizar observacións en relación ao desenvolvemento da actividade; estas observacións non suporán ningunha sanción, senón que serán parte do seu traballo á hora de garantir o normal desenvolvemento do evento.



### 11.2.5. Expulsións

O presidente ou a presidenta do xurado ten a potestade para expulsar a calquera compoñente do equipo ou a persoas do público, se desenvolvesen un comportamento indebido durante o debate.

O comité de competición estudará posibles incidentes ocasionados durante a competición, así como os casos en que se produza unha acumulación de penalizacións, tanto por parte dun equipo como por un dos seus membros, e poderá descualificar a un equipo ou a un participante temporalmente. O seu veredicto deberá ser acatado polas partes implicadas.

A organización resérvase o dereito de expulsión dun equipo da competición se considera que existen causas xustificadas durante o desenvolvemento do Club de Debate.

### 11.3. SISTEMA DE DESEMPATE E PUNTUACIÓN

En caso de empate entre dous equipos, atenderase aos seguintes criterios:

- 1º Maior número de debates gañados
- 2º Resultado do enfrontamento directo
- 3º Maior puntuación na epígrafe 2 “calidade, orixinalidade e pertinencia na argumentación sobre o tema proposto@
- 4º De non resolverse con ningún dos criterios anteriores outorgarase o premio *ex aequo*.

En caso de empate entre máis de dous equipos, atenderase aos seguintes criterios:

- 1º Maior número de debates gañados
- 2º Resultado do enfrontamento directo
- 3º Diferenza de epígrafes favorables
- 4º Maior puntuación na epígrafe 2 “calidade, orixinalidade e pertinencia na argumentación sobre o tema proposto@
- 5º Menor número de faltas graves
- 6º Menor número de faltas leves
- 7º De non resolverse con ningún dos criterios anteriores, outorgarase o premio *ex aequo*.

### 11.4. RETIRADA OU EXPULSIÓN DUN EQUIPO INSCRITO

A inscrición dun equipo no Club de Debate implica o compromiso de participar nas diferentes fases da actividade. Con todo, se algún equipo abandona a actividade sen participar en todos os debates que lle correspondan quedará automaticamente desclasificado. Neste caso, para o resto dos equipos procederase da seguinte maneira:

#### 11.4.1. De se retirar un equipo antes do comezo dos debates:

Cando a retirada dun equipo se comunique ou aconteza antes do comezo dos debates reorganizarase a xornada eliminando un debate no horario previsto e reasignando as parellas para que o resto dos equipos participen en cadanseus dous debates.

#### 11.4.2. De se retirar un equipo despois do seu primeiro debate ou unha vez que a xornada de debates comezase:

Se un equipo se retirase despois de realizar o seu primeiro debate ou unha vez avanzada a xornada de debates, pode resultar imposible reorganizar as parellas de xeito que se garanta a igualdade de condicións para todos os equipos. Neste caso para a clasificación final só se terá en conta a puntuación dun debate. Para os equipos que participasen en dous debates escollerase a puntuación máis alta das dúas e desbotarase a máis baixa de cada equipo.



Porén, sempre que sexa posible optarase pola reorganización do horario de debates, co fin de que todos os equipos poidan participar en igualdade de condicións.

## 12. RECLAMACIÓNS

### 12.1. OBXECCIÓNS

Se un equipo observa que **o equipo contrario** cometeu algunha infracción durante a súa intervención no debate, poderá comunicarlo ao xurado por medio da súa persoa preparadora. Poderá facelo ao finalizar o debate, e deberá ser informada a persoa preparadora do equipo contrario. Non poderá facerse ningunha obxección unha vez transcorridos dez minutos despois da finalización do debate.

Será o xurado quen decidirá se estima ou desestima a obxección, e en calquera caso quedará recollida na acta xunto cos motivos de estimación ou desestimación.

### 12.2. RECLAMACIÓNS FORMAIS

As reclamacións formais poderán ser formuladas polos equipos ata unha hora despois de finalizado o debate, en caso de que estimen que **o xurado ou algún dos seus membros** non respectou o regulamento da actividade, indicando os apartados que foron vulnerados.

Esta impugnación do debate deberá ser entregada ao comité de competición, que tomará unha decisión ao respecto.

Non se aceptarán impugnacións ao veredicto dos xuíces se se respectou o regulamento da actividade.

## 13. PREMIOS

A entrega dos premios realizarase ao remate de cada fase clasificatoria e mais da fase final. Establécense os seguintes premios:

Concederase cadanseu premio ao equipo gañador e ao finalista das **fases clasificatorias** valorados en de 500 euros (primeiro clasificado) e 300 euros (segundo clasificado).

O premio para o equipo gañador da **fase final** consistirá nunha **viaxe multiaventura de fin de semana** para un máximo de 20 persoas, con contidos culturais que contribúan aos obxectivos deste proxecto.

## 14. PRAZO DE INSCRICIÓN

O prazo de inscrición dos equipos determinarao a organización de cada zona de competición. Será sempre no primeiro trimestre do curso. A inscrición realizarase no SNL dos concellos organizadores. Posteriormente, comunicaráselle a cada equipo a data do curso de formación e de cada unha das diferentes fases en que deba participar.



## CLUB DE DEBATE. FICHA DE INSCRICIÓN

<b>1. Datos do centro:</b>						
<b>Nome:</b>						
<b>Enderezo:</b>	Rúa/ lugar.....Localidade..... núm.....CP.....Localidade.....					
<b>Teléfono:</b>		<b>Fax:</b>				
<b>Correo electrónico:</b>						
<b>Persoas de contacto:</b>						
<b>2. Datos do equipo de traballo núm. .... (cubrirase unha ficha por cada equipo inscrito):</b>						
1	<b>Nome e apelidos:</b>		<b>Curso:</b>		<b>Data de nacemento:</b>	
2	<b>Nome e apelidos:</b>		<b>Curso:</b>		<b>Data de nacemento:</b>	
3	<b>Nome e apelidos:</b>		<b>Curso:</b>		<b>Data de nacemento:</b>	
4	<b>Nome e apelidos:</b>		<b>Curso:</b>		<b>Data de nacemento:</b>	
5	<b>Nome e apelidos:</b>		<b>Curso:</b>		<b>Data de nacemento:</b>	
6	<b>Nome e apelidos:</b>		<b>Curso:</b>		<b>Data de nacemento:</b>	
7	<b>Nome e apelidos:</b>		<b>Curso:</b>		<b>Data de nacemento:</b>	
8	<b>Nome e apelidos:</b>		<b>Curso:</b>		<b>Data de nacemento:</b>	
9	<b>Nome e apelidos:</b>		<b>Curso:</b>		<b>Data de nacemento:</b>	
10	<b>Nome e apelidos:</b>		<b>Curso:</b>		<b>Data de nacemento:</b>	
<b>3. Datos da persoa preparadora:</b>						
<b>Nome e apelidos:</b>						
<b>Vinculación co centro:</b>						
<b>Teléfono:</b>			<b>Correo electrónico:</b>			
<p>Cada equipo de traballo comporase dun mínimo de catro membros e un máximo de dez, e o/a preparador/a. Os equipos serán mixtos. O equipo representa o centro; todo o alumnado deberá estar matriculado nel en 3º ou 4º de ESO, 1º de bach., ou nun curso equivalente de ciclos formativos; nunca maiores de 18 anos no momento de presentar a inscrición. Permitirase realizar cambios con respecto aos compoñentes desta ficha ata unha semana antes do inicio da actividade. Posteriormente non estará permitido. Permitirase a substitución da persoa preparadora por causa xustificada.</p>						

....., ..... de ..... de 2014

(Selo do centro de ensino e sinatura)

**Prazo de entrega:** ata o 28 de novembro de 2014

De conformidade co previsto na Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, comunicámoslle que os datos de carácter persoal serán incluídos nun ficheiro inscrito no Rexistro da Axencia de Protección de Datos cuxo responsable é o concello de referencia. A finalidade desta recollida de datos de carácter persoal é a xestión dos cursos de formación impartidos polo concello de referencia. Como titular dos datos, vostede dá o seu consentimento e autorización para a inclusión destes no ficheiro anteriormente detallado. En todo caso, poderá exercer de balde os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose por escrito ao Rexistro Xeral do concello de referencia.



Concello de AMES



Concello do  
Carballiño



concello de  
CARBALLO

FERROL



CONCELLO DE  
NEGREIRA



CONCELLO DE  
PONTEVEDRA



CONCELLO DE ROIS



CONCELLO DE  
SANTIAGO



Concello de Teo